

CIRCULAR Nº 14

Temporada 22-23

Destino: Delegacións, Clubs.

Asunto: Inscripción dos equipos participantes no Campionato Galego 3x3 U13 e U15 masculino ou feminino.

Con motivo da convocatoria por parte da FEB do “**Campionato de España de SELECCIONS AUTONÓMICAS 3x3 U13 e U15**” (U13 nados en 2010 e posteriores U15 nados en 2008 e posteriores), ponse en coñecemento das Delegacións, e de todos os clubs interesados, que o prazo de inscrición de equipos para participar no Campionato Galego 3x3 U13 e U15 finalizará o vindeiro día **24 de abril 2023 ás 13.00 hrs.**

Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscrición nesta temporada deberán inscribirse vía <https://forms.gle/JBmGuXJkpd3hB1MLA> abonar a **COTA DE AFILIACIÓN que será de 100,00€**, e remitir vía mail á delegación correspondente o xustificante do ingreso da transferencia bancaria a nome da FGB:

- Ingresos Nº Conta ES96-2100-1455-14-0200227406 de La Caixa.

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido da presente circular, e non soamente entre aqueles equipos que puideran estar interesados.

Licenzas:

- 1.- Os equipos estarán compostos por un mínimo de 3 e un máximo de 4 xogador@s nad@s nos anos U13 2010 ou posteriores e U15 2008 e posteriores.
- 2.- Os equipos deberán ser masculinos ou femininos
- 3.- Polo menos unha semana antes do campionato deberán inscribirse @s xogado@s no documento que se xunta e deberán incluír un responsable maior de idade.
- 4.- Todos os equipos e xogador@s deberán estar tamén inscritos (esta inscrición é gratuíta) en FIBA Planet 3x3 www.3x3plante.com/signup.
- 5.- Todos @s xogador@s deberán ter licenza na presente temporada nalgunha competición FGB. Pero non é condición indispensable que sexa no mesmo clube.

Balón de Xogo: O balón de xogo será da marca Molten modelo 3x3 BALL deseñado exclusivamente para a práctica do 3x3.

A competición será organizada en unha o varias fases en formato concentración na sede que se designe dende a FGB. As datas prevista para a mesma serán as correspondentes ás seguintes fins de semana: 7 e 17 de maio, e a final o 28 de maio.

O sistema de competición será remitido polo Comité de Actividades na semana seguinte ao remate do prazo de inscrición. Devandito sistema de competición será adaptado ao número de equipos inscritos.

Os equipos que se proclamen "Campións Galegos" estarán clasificados para o "**Campionato de España de SSAA 3x3 U13 e U15**" e serán os que compondrán a Selección Galega. A FGB farase cargo, para participar no Campionato de España, dos desprazamentos e manutención dos equipos (4 xogador@s e 1 responsable maior de idade) así como do material deportivo (sudadera, equipacións de xogo, cubre camiseta, etc).

A normativa de xogo será regulada pola FEB.

Santiago de Compostela, 20 de Febreiro 2023



Asdo. Susana Fernández Fiuza
Secretaria Xeral